



Ruta de Montaña. Ascenso a O Faro. O Caurel.

Lonxitude: 20km.



Desnivel: alto

Dificultade: media-alta

Continuamos a nosa programación de rutas de montaña. Nesta ocasión imos ao concello de Pedrafita do Cebreiro para intentar acadar o cumio de O Faro, segundo cumio máis alto do Caurel, a 1615m de altitude. A ruta comeza preto de Zanfoga, na ponte sobre o río Lor, e vai por zonas boscosas e altas ata chegar preto de Fonteformosa e o seu faial, un dos poucos que hai en Galicia. Logo seguimos camiñando ata pasar á provincia de León e baixar ata o lugar de Busmayor, moi coñecido tamén por ter esta zona bosques en moi bo estado de conservación, onde destaca tamén o seu faial. Pasaremos moi preto del, e incluso entraremos algo no bosque para gozar dos seus regos e as súas fervezas, xusto antes de encarar a dura subida a O Faro (situado entre Galicia e León). Unha vez no cumio só nos queda baixar ata o lugar de Riocereixa, e de aí ata a ponte sobre o rego de Santín, onde nos recollerá o bus. Esta actividade de ascenso a O Faro, polo seu desnivel e lonxitude, a consideramos unha actividade de montaña. Aínda que os camiños en xeral son bos, é preciso ter unha boa condición física e estar acostumado a facer rutas de sendeirismo con soltura, así como ter certa capacidade de esforzo. É unha actividade pensada para xente habituada a facer sendeirismo..

Tomade boa nota do teléfono dos monitores: 698 15 86 84

A dificultade ven dada principalmente polo desnivel e a lonxitude da ruta

MIDE		Subida ao Faro. Serra do Caurel	
horario	7h 25' 	 3	severidad del medio natural
desnivel de subida	1167m 	 2	orientacion en el itinerario
desnivel de bajada	1110m 	 2	dificultad en el desplazamiento
distancia horizontal	20,0 Km 	 4	cantidad de esfuerzo necesario
tipo de recorrido	Circular 		
Condiciones de todo el año, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas. Calculado sobre datos de 2018.			

Próximas actividades de Montaña da Sociedade de Montaña Artabros

Domingo, 5 de maio. Penarrubia. Ancares

Domingo, 9 de xuño. O Pindo. Carnota

Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org